



Ruta Día do Club

Os Petróglifos de Teo

Sábado 26 de Novembro de 2022.

Unha vez máis chega a cita ca Ruta do Día do Club, este ano a escollida e a Ruta dos Petróglifos de Teo.

No percorrido poden observarse trece petróglifos e 33 mámoas. Este patrimonio rupestre está datado na Idade de Bronce (3300 a.C. - 1200 a.C).

Arranca en *Cornide*, xunto a capela e pasa polo río *Angueira*. Tras gozar dun bosque de ribeira con pontes, pozas e muíños obsérvanse dous dos petróglifos máis significativos con círculos concéntricos e unha escena de caza con xinetes acosando a un grupo de cervos.

No seguinte tramo hai tres estacións numeradas baixo o nome de *Outeiro do Corno*. Na primeira está un dos gravados máis representativos de Teo polo seu deseño cuadrangular, que semella un escudo. O roteiro segue ata *O Fondao*, o único petróglifo con motivos xeométricos.

A medio camiño sóbese ao *Monte Piquiño*, desde o que se albisca o límite natural entre os vales do Ulla e o Sar, con espectaculares vistas do Pico Sacro e de Castro Valente.

O itinerario bordea o monte no que está identificada unha necrópole megalítica de 33 túmulos e dez estacións rupestres. E neste enclave atópanse dous círculos líticos nun lugar ao que a tradición oral deulle o nome máxico de *Eira dos Mouros*.

Outro dos petróglifos de referencia deste roteiro, na que tamén hai sinais modernos de marcas de canteiro, é o popularizado como *Trono da Raiña*.

O **punto de encontro** será en *Cornide* xunto a *Capela dos Milagres* -a onde chegaremos cada un polos seus propios medios- debendo estar ás **9:00h**, para comezar axiña a andaina.

Se alguén non ten maneira de chegar ata o punto de saída pode contactar co club para combinar medio de transporte.

Ao remate imos xantar o restaurante San Martiño de Calo.

O prezo do xantar e de **20€** (pagarase no local) - e no caso de **non** estar **federado** farase un ingreso de **3€** para o seguro (do xeito habitual).

Contacto:

Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo, 1º andar

Tlf. fixo **981 528 740**

(Os xóves de 18 a 21h)

Tlf. Móbil **647 790 104**

665 810 094



clubvialactea@gmail.com

www.clubvialactea.es

- | | |
|----------------------------|-----------------|
| • <u>Ruta tipo:</u> | Circular |
| • <u>Dificultade:</u> | Baixa |
| • <u>Distancia aprox.:</u> | 12,0 km |
| • <u>Dur. aprox.:</u> | 4,00 h |
| • <u>Saída e Chegada:</u> | Cornide |

